



Rosa Aneiros



Nada en Valdoviño en 1976, é unha escritora galega. Licenciada en Ciencias da Comunicación pola Universidade de Santiago de Compostela, desenvolveu actividade docente na Escola de Humanidades da Universidade de Santiago de Compostela en Lugo e colaborou no programa da Radio Galega *Un día por diante*, así como en Diario de Pontevedra, El Progreso, Galicia Hoxe, Diario de Ferrol (a través da axencia AGN), El País, Grial, Fadamorgana ou Casa da Gramática.

É a guionista da curtametraxe *O señor do telexornal* realizado por Álex Sampaio, aínda que a súa actividade literaria está centrada no relato e, sobre todo, na novela. Con *Resistencia* recibiu o premio Arcebispo Xoán de San Clemente á mellor novela en lingua galega do ano 2002. En 2009 gañou o premio Xerais á mellor novela con *Sol de inverno* así como o premio Fundación Caixa Galicia ao mellor título de literatura xuvenil, con *Ás de bolboreta*, que así mesmo foi incluído na prestixiosa lista The White Ravens 2010.

Actualmente traballa no Consello da Cultura Galega.

Entrevista a Rosa Aneiros

Por Óscar Iglesias (El País)

Dez anos despois de *Eu de maior quero ser*, o seu debú literario, Rosa Aneiros (Valdoviño, 1976) levou de vez o XXVI Premio Xerais de novela (*Sol de inverno*) e o Fundación Caixa Galicia de Literatura Infantil (*Ás de bolboreta*). "Coma se o premio a un traballo de anos chegase nun día", di. A dobre gañadora vai tornando a enxurrada de epíctetos que acarrexan estes galardóns -os libros sairán en outubro-, pero moléstalle que se fale de "consagración".

Fálase moito dos premios, incluso de "coroación".

De consagración, si, é como se o premio a un traballo de anos chegase nun día. Pero dáme un pouco de rabia porque eses termos acaban callando, coma se naceras onte e supetamente che premiasen dúas novelas. Vivimos nunha cultura que parece que só traballas cando estás nos medios, e xusto é ao revés.

Xa aclarou que non as escribiu a un tempo.

Non teñen nada que ver. *Sol de inverno* é a singradura de Inverno por regresar metaforicamente a Antes -o topónimo existe en Mazaricos-, o paraíso perdido da infancia. A loita por recuperar algo que sente que lle roubaron nun momento determinado. Ese periplo lévaa desde Barcelona a Francia e ao gran espazo que é Cuba, onde recupera a memoria dos seus antepasados e desenvolve a súa vida. Logo hai un breve momento en París, pero non vou contar o final...

E *Ás de bolboreta*?

GRUPO A



Acontece nunha mañá nun café no que se van cruzando historias de personaxes. En Estambul, Bos Aires, no Monte Gurugú... *Sol de inverno* é un século, e isto acontece nun día. Díciánme que era unha historia coral porque había 15 personaxes... Nunca os contei. O grao de superficialidade dos personaxes é grande, porque son trazos, quen conclúe esas historias son os lectores.

Canta Historia risca Sol de inverno?

A Guerra Civil, sobre todo en Barcelona, e o exilio. Despois, a través da memoria da súa tata, Luz Divina, e a través da historia dos seus avós, a colonia galega en Cuba antes da Revolución, e tirando máis cara atrás, as pelexas dos escravos liberados. Cóntase moito do que é Cuba, pero non tanto porque ela o viva, senón porque o recupera a través da memoria da súa tata. A Revolución tamén aparece, pero non a marca por demais, porque ela

marcha en 1939. En contrapunto co seu pai, que vive todos os acontecementos históricos do século XX. Ela está obsesionada con seguir os seus pasos. É curioso, porque o personaxe do pai naceu por rebote de *Resistencia*, onde o protagonista, Dinís, era un ser anónimo que nunca quixo estar á fronte de nada, que se viu obrigado a ser protagonista... Este é o contrario: vello e canso, aínda quere ir cos estudantes a París.

Rexeita que lla publiciten como novela histórica ou da emigración.

Non creo nas novelas históricas como tal cousa. Todas as historias están ambientadas nun momento e lugar determinado, como se é antonte. E hai outra cousa: cando se di que faltan historias da emigración... Creo na liberdade do escritor, eu nunca me programo. Estaba presentando *Resistencia* e díxéronme: 'Ti detectaches que faltaba a gran novela sobre Portugal e decidiches escribila'... Non, mira, coincidiu que estaba en Portugal e que por unha equivocación acabei no Museo da Resistencia, vin unhas cartas e decidín escribir unha historia. Pero eu non son a encargada de contar ningunha historia, nin de encher baleiros. Se me deixo levar polos tópicos de que hai moitas novelas sobre a Guerra Civil, non fago *Sol de inverno*.

Que lle interesou máis á hora de recrear a guerra?

Mercé Rodoreda está aí polo que escribiu despois, pero fíxeno máis a partir da prensa e dos libros de historia. Para a parte de Francia, por exemplo, cando a protagonista está en Les Mages, morre Machado en Colliure. Non o metín na novela, e iso que escribín esa parte escoitando a Serrat cantar a Machado. Tamén me influíu a maneira de narrar testemuñal que podes atopar en María Teresa León, Victoria Kent, Federica Montseny ou Silvia Mistral. Como, a partir delas, se chega a reconstruír unha caste de testemuño colectivo. Noutras partes da novela xa influé máis o realismo máxico, sobre todo na da tata e na parte de Antes, onde aparece ata un home que quere aprender a voar, coas suas ás de Ícaro.

Que fronteira se puxo á hora de ficcionar feitos reais?

GRUPO A



Tertulias Literarias

Unha licenza evidente é a de Carmen Muñoz, a esposa de Dieste. Non foi no *Ipanema*, o barco que saíu de Burdeos cara a Veracruz, no que marchou Elixio Rodríguez. Haberá historiadores que me digan 'que falcatruada', pero eu penso que non, porque se respecta o espírito de Carmen. Procuo manter a veracidade da historia e o respecto aos personaxes. O importante é que ti non te erixas como historiadora, senón como novelista.

Pensou en tensionar a historia do exilio no Ano Piñeiro?

Non quixen por unha cousa. Inverno dille ao seu pai: 'Xa non, papá, xa non'. Incluso a súa propia filla lle di 'estamos noutro momento'. 'Xa non', pero non tanto por unha identificación política, senón porque o personaxe ve que o seu pai non dá máis de si. Quíxeno facer a través dos personaxes. De Castelao, por exemplo, só aparece o enterro, como a derrota última do pai. Iso de que despois da II Guerra Mundial ían atravesar con tanques os Pirineos... É a derrota desa xeración.



Acórdase daquela polémica sobre o peso da literatura galega actual?

Parecíame ridículo. Só se falamos da LIX [literatura infantil e xuvenil] podemos darlle unha lección a calquera. Quen está á altura, e cal é a altura? Os que estamos escribindo agora podémolo facer mellor ou peor, pero aprendemos dos que escribiron antes. E as novelas non se esgotan. *A esmorga* pódese reivindicar coma unha obra actual. Eu só aspiro a ler cousas que me gustan na miña lingua.

A propósito da lingua, os seus problemas son os da literatura?

Son moi diferentes e moi iguais. Un dato que me choca: nunha lista dos libros máis vendidos, aparece *A praia dos afogados* [a novela de Domingo Villar] en galego; e en castelán, *La playa de los ahogados*. Iso si que nos atinxe directamente: que exista unha poboación que renuncie a ler un autor na súa lingua orixinal por unha tradución. Procuras non pensar niso, pero resulta doloroso pensar que chegue un momento no que, por todo o que está pasando, che reduzan o número de persoas ás que podes chegar. Xente que poida deixar de lerte por unha formación deficiente na nosa lingua.

Con dúas antoloxías de artigos literarios e co seu traballo no Consello da Cultura, nunca tivo medo de proxectar unha imaxe demasiado institucional?

Eu o bo que teño é que son xornalista. Cando publiquei *Resistencia*, foron gabanzas por todas partes... Eu mesmo dicía que, se chego a ter menos cabeza e ser menos xornalista, poderíame ter convertido nunca auténtica gilipollas. Fancho crer, pero eu sabía que esas cousas vanse como chegan. E despois do fenómeno Rosa Aneiros, veu o fenómeno Teresa Moure... Como nunca me sentín o que se di *consagrada*, non houbo baleiro despois. Porque son xornalista, e sei que isto funciona así. Anxos [Sumai] e eu falámolo moitas veces: a min o que me gusta é escribir, e despois os encontros cos lectores. As presentacións mediáticas afróntoas como unha molestia necesaria.

GRUPO A



Rosa Aneiros gana el Xerais con una obra sobre los exilios

La escritora Rosa Aneiros (Valdoviño, 1976) se previene contra lecturas fáciles: "Sol de Inverno no es una novela histórica, sino la historia de cómo Inverno procura recuperar el paraíso perdido de su infancia en el territorio de Antes". Son casi 300 páginas las que ayer le valieron a la autora de Resistencia (2002) la edición número 26 del premio Xerais de novela. Y no solo. Con el título *Ás de bolboreta* también se alzó con el galardón Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil, convocado desde 2006 por la misma editorial.

"He trabajado muchísimo tiempo en *Sol de Inverno*", recuerda Aneiros. Tanto que ya durante el proceso final de su anterior novela -*Veu visitarme o mar* (2004)- la escritora anotaba escenas, bocetos, incluso el diseño imaginario de Antes, la tierra de la protagonista, Inverno. "Antes existe como topónimo en la Costa da Morte", explica. Pero *Sol de Inverno* narra la pérdida e intento de recuperación de un espacio no sólo físico, sino mental.

Un acontecimiento relacionado con muchachos y celos trunca la vida de Inverno justo antes de la Guerra Civil. Su huida hacia adelante la introduce de lleno en el torbellino de una historia acelerada: la contienda en Barcelona, los campos de concentración en Francia, el exilio en México y después en Cuba, el mayo francés de 1968...

"Cuba no es únicamente un lugar de exilio", comenta Rosa Aneiros, "sino el lugar donde se reencuentra con sus antepasados".

Además de Inverno, "el motor de la novela", por el libro circulan a un tiempo personajes inventados y reales. Rafael Dieste y Carmen Muñoz en las Misiones Pedagógicas de la República o el propio Castelao hacen aparición en el trabajo de Aneiros. "Para escribirlo utilicé mucha documentación, a veces llegué a pensar que se me iba de las manos". Los diarios de la periodista y escritora republicana Silvia Mistral, a quien está dedicada *Sol de Inverno* o de Elixio Vilaverde fueron materia prima de la novela. "No sé si me dará tantas satisfacciones una vez publicada como trabajo me dio escribirla", dice divertida.



El intento de *Ás de bolboreta*, premio Fundación Caixa Galicia, es "justamente lo contrario, lo opuesto a una novela de largo aliento": historias cruzadas que suceden en una mañana. "Puede servir para reflexionar sobre muchos temas en las aulas", expone Rosa Aneiros, quien quiso celebrar los diez años de su primera novela publicado -*Eu de maior quero ser*- regresando a los lectores adolescentes.

La dotación del Xerais asciende a 25.000 euros. El Fundación Caixa Galicia, a 10.000.

GRUPO A



«Non traballei en paralelo coas dúas novelas»

Dous textos, dous xéneros e dous premios. Así é como se resolveron dous terzos dos premios a favor de Rosa Aneiros.

Presentar dúas novelas a unha mesma edición dos premios significa escribir moito?

A novela para adultos, Sol de inverno, xa a tiña escrita e presenteina. No caso de Ás de bolboreta, a escrita foi máis recente e cando leron algúns amigos houbo división de opinións sobre se era para adultos ou xuvenil. Pensei que presentala a un premio que ten como xurado xente moi nova era unha maneira de saber se era un texto válido para lectores xuvenís. Que gañasen as dúas son cousas que pasan. Pero non aspiraba eu a tanto.

Houbo unha escrita paralela entre as dúas novelas?

En absoluto. Non traballei nelas ao mesmo tempo e tampouco gardan ningunha relación, ni nos argumentos nin nas maneiras. Incluso se podería dicir que son novelas opostas. En certo sentido Ás de bolboreta escribina para saír de todo de Sol de inverno, para cambiar de rexistro. Pode haber algunhas coincidencias na escrita porque é a mesma autora, pero para o resto ningunha relación.



Cre que influirá no lector ese feito de ter gañado o Premio Xerais e o Fundación Caixa Galicia ao mesmo tempo?

Fóra da coincidencia eu creo que non. Non hai ningunha relación e as características de cada unha non permiten que os lectores fagan paralelismo entre elas. Non se poden comparar. Sol de inverno é unha novela longa, de itinerancia, e Ás de Bolboreta é un puzzle no que o lector pode decidir maneiras de ler.

Como é «Sol de inverno»?

Esta escrita en segunda persoa e ten como localización un lugar que se chama Antes, un lugar imaxinario, pero ese topónimo existe en Galicia. É un lugar do que a protagonista, chamada Inverno, non quere saír. Algunhas circunstancias vana obrigar a marchar e desde aquela séntese para sempre exiliada. O seu pai é un político con ambición de estar nos grandes acontecementos políticos, a Guerra Civil, ou Francia ou a Cuba da revolución castrista.

É unha novela do exilio?

O exilio é a condición na que vive a protagonista. Ela quere volver a Antes, pero non se trata dun exilio político é só que quere retornar a un lugar que considera que é o seu paraíso infantil. É unha novela de itinerancia, pero ten dous puntos fundamentais, por unha banda ese espazo orixinario da protagonista e por outra Cuba. Na novela hai moitos feitos históricos, como a Guerra Civil ou a revolución cubana, son importantes pero non son centrais.



Tertulias Literarias

Qué encontrará o lector en «Ás de bolboreta»?

Está escrita con historias que se entrecruzan. Así que unha boa parte da lectura depende do que queira o lector. Non ten un final aberto, pero a decisión do lector pode cambiar a maneira de entender unhas historias e outras.

Falaba de que podía ser un historia xuvenil ou de adultos, escribiuna cun pé en cada xénero?

Escribín dese xeito. Eu creo que está máis inclinada ao xuvenil, pero en certos puntos arrisca un pouco nas claves. Non é unha novela para adultos, pero hai certas claves que, mentres escribía, eu pensaba que quizais excedesen a un lector xuvenil, pero tampouco quería perder esa posibilidade.

'Sol de Inverno', de Rosa Aneiros

Crítica de Manuel Portas (El Correo Gallego)

Sempre que comezamos unha novela, algúns lectores retorcidos, excéntricos, iniciamos a súa lectura escollendo algunhas páxinas ao chou, lendo fragmentos aquí e acolá, antes de botar a andar polo camiño oficial que o creador, que a creadora, trazou para nos contar a súa historia nesa organización indiscutíbel e irremediábel que son as páxinas numeradas dun libro. Dese xeito pretendemos petiscar, confirmar sabores levantando as tapas das potas, comprobar se o pracer da lectura está garantido, antes de adentrármonos no como, no cando e, o máis importante, no que (se nos conta) e no quen (nolo conta). Aí comezan algunhas novelas a facer auga, a desalentar o lector, e moitas veces acaban nos estantes das tarefas pendentes, á espera dunha gripe prolongada ou unha tarde de domingo tediosa para seren rematadas. Coa novela de Rosa Aneiros non nos vai pasar iso. Nin nos vai saber mal o que peteiremos na cociña antes do xantar nin cando, con mesa e mantel, disfrutemos ordenadamente dos entrantes, do primeiro, do segundo prato e das sobremesas finais.



Non imos destripar a novela. Tentaremos só dar algunhas pinceladas que axuden a despertar a curiosidade necesaria. Sol de Inverno é un monodílogo que a protagonista, Inverno, mantén consigo mesma, coa Inverno de diferentes fases da súa vida. Deste xeito, a Inverno do presente, unha muller con problemas de memoria, diríxese á Inverno rapaza adolescente que no comezo da obra descobre ao mesmo tempo o amor e a morte, nun lugar indefinido da costa galega chamado Antes, e que se acabará convertendo na Itaca da súa vida. A partir dese momento, a protagonista comeza un periplo viaxeiro, condicionado polos avatares históricos. Se ese diálogo consigo mesma principia en Antes, en datas previas ao comezo da Guerra Civil, continuará coa fuxida por mar, xunto coa súa familia, para chegar a unha Barcelona aínda non ocupada polo fascismo. Inverno, filla dun alcalde republicano, irá despois á Franza do exilio, fará a travesía no mítico barco Ipanema, chegará a Cuba onde vivirá a revolución castrista, para acabar participando no Maio do 68 parisino.

GRUPO A



Un monodialogo mantido ao longo de toda a obra podería caer nunha monotonía narrativa envolvente e pesada. Podería, mais o acerto da autora está precisamente na modulación da presenza desta técnica narrativa. Os vocativos que marcan ese diálogo atenúanse por veces para reapareceren máis adiante sen perder por iso a coherencia textual. Polos momentos e os espazos históricos en que se ubica, non será difícil comprender que a novela é unha obra comprometida coa memoria, cun tratamento nada superficial do drama do exilio. Quizá algún dos personaxes principais sexa modélico de máis na súa coherencia ideolóxica. Con todo, os peros son mínimos para unha obra cargada de simboloxía e cun lirismo que fai que se desfrute mesmo nese momento inicial de uliscar na cociña o que despois chegará ao prato. Xa que logo, tanto nun como noutro momento, bo proveito.

Fontes:

http://elpais.com/diario/2009/06/07/galicia/1244369897_850215.html

http://www.elcorreogallego.es/portada/ecg-h/idEdicion-2009-11-23/idMenu-opinion%3Efirmas/idNoticia-490196/idEdicion-2009_11_23/titulo-'Sol%20de%20Inverno',%20de%20Rosa%20Aneiros

http://www.lavozdeg Galicia.es/ocioycultura/2009/06/07/0003_7769623.htm

Para saber máis:

<http://xerais.wordpress.com/2009/06/08/rosa-aneiros-primeiras-entrevistas/>

Biblioteca Central Rialeda
Avenida Rosalía de Castro 227 A
15172 – Perillo (Oleiros)
Tfno.: 981 639 511
Fax: 981 639 996

Email: biblioteca.rialeda@oleiros.org

Blog: <http://bibliotecasoleiros.blogspot.com/>